


APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

OLIMPIA VALENCIA

(Baltar 1898 - Vigo 1987)

Foi a primeira médica galega.
Especializouse en xinecoloxía.
Estuda Medicina na Universidade
de Santiago de Compostela
e remata os estudos con
Premio Extraordinario.

Xa licenciada marcha a Madrid para realizar a tese de doutoramento e no ano 1928 instálase en Vigo. Alí mesmo abre a primeira clínica xinecolóxica dirixida por unha muller, ao tempo que traballa na Seguridade Social.

Muller moi activa na sociedade do seu tempo, no ano 1936 asina o documento a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Así mesmo, participa na fundación da Alianza Francesa e da Academia Médico Cirúrxica de Vigo.

E ti, queres saber máis?

Sabías que Olimpia Valencia quería escoller a especialidade de Pneumoloxía, pero ao final realizou Xinecoloxía porque era máis “apropiada” para as mulleres?

MULLERES GALEGAS

reflexiona

Que opinas desta situación?
Crees que hai algunhas
profesións para homes
e outras para mulleres?




Pensa que lle dirías a alguén que opina que as mulleres non poden realizar algunhas profesións.

“A muller é igual
de apta ca o home”
Olimpia Valencia,
nunha entrevista realizada
por Johán Carballeira
para a revista Estampa nº 107.

MULLERES GALEGAS

colorea



Olimpia Valencia intentaba mellorar día a día investigando para descubrir novas técnicas médicas xinecolóxicas.

MULLERES GALEGAS

escribe

Grazas aos seus estudos obtén unha bolsa da JAE (Junta de Ampliación de Estudios) para coñecer novas clínicas en Alemaña e Suíza.

Agora mesmo hai investigadoras que están a traballar nunha vacina para a enfermidade por coronavirus. Imaxina que coñeces algunha destas mulleres e lle escribes unha carta de ánimo.



Neste encrucillado aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de Olimpia Valencia.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 1 - Enfermidade relacionada co sistema respiratorio.
 3.1 - Fixo o doutoramento na cidade de.....
 3.2 - Cidade na que desenvolveu súa vida profesional.
 7 - Obtivo unha bolsa da Junta de Ampliación de Estudos e foi a.....
 11 - Tras rematar a súa especialidade médica Olimpia Valencia traballou como.....

Verticais:


- 2 - Estudou na Facultade de.....
 7 - No ano 1936 asinou un manifesto a favor aprobación do.....
 9 - Foi fundadora da Francesa de Vigo.
 11- Foi a primeira licenciada en Medicina.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											

Sabías que...?
 Olimpia Valencia tiña unha placa
 na porta da súa consulta
 e colocou uns anuncios
 nos xornais que dicían:
 "Olimpia Valencia. Especialista en
 enfermidades de la mujer".


MULLERES GALEGAS

deseña



Anuncio do consultorio de Olimpia Valencia no xornal.

Imaxina o que queres ser de maior, pensa un slogan e
 deseña como sería a publicidade do teu posto de traballo:



Procura na rede información das seguintes investigadoras
 galegas do campo da saúde e realiza a placa do seu consultorio.

María Soledad Soengas González
 María José Alonso Fernández
 Mabel Loza
 Vanessa Valdeiglesias
 Sonia Villapol
 África González

Comprueba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	P	N	E	U	M	O	N	I	A		
2									L		
3	M	A	D	R	I	D		V	I	G	O
4	E						E		A		
5	D						S		N		
6	I						T		Z		G
7	C		A	L	E	M	A	Ñ	A		A
8	I						T				L
9	N						U				E
10	A						T				G
11		X	I	N	E	C	O	L	O	G	A

